

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

MICHAL NESTEROWICZ
DIRECTOR

JAVIER PERIANES
PIANO



AUDITORIO DE GALICIA. MÉRCORES 12 DE MAIO DE 2010 21:00 h



A RFG ensaia no Auditorio de Galicia baixo a batuta do mestre titular, Antoni Ros Marbà

A Real Filharmonía de Galicia inicia a súa actividade en 1996 no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), onde presenta a súa tempada estábel de concertos. O seu primeiro director titular foi Helmuth Rilling, quen dende 1996 até o ano 2000, traballou partindo do repertorio sinfónico clásico austro-alemán. Antoni Ros Marbà, director titular dende o ano 2000, afondou nesa liña ademais de incorporar á orquestra un repertorio internacional máis amplo que, de xeito singular, inclúe encargos a compositores galegos. Ademais do mestre compostelán Maximino Zumalave (director asociado), vinculado á RFG dende o seu inicio, e do director británico Paul Daniel, que dende 2007 é principal director invitado, tamén dirixen a RFG outros directores como: Frans Brüggen, Juanjo Mena ou Hansjörg Schellenberger. Do mesmo xeito, xunto á RFG actuaron os mellores intérpretes, por exemplo Frank Peter Zimmermann, Daniel Hope ou Vadim Repin (violín); Natalia Gutman, Lluís Claret ou Enrico Dindo (violoncello); Joaquín Achúcarro, Rudolf Buchbinder ou Eldar Nebolsin (piano) e cantantes como Teresa Berganza, Thomas Quatshoff ou Matthias Goerne.

Como actividade externa, a presenza nas cidades galegas así coma no resto de España é de capital importancia, do mesmo xeito que as xiras internacionais que realizou (Austria, Alemaña, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal). De forma paralela, potencia a súa actividade en Santiago co ciclo de cámara *Música na Compañía*, en colaboración coa Universidade de Santiago, e cos concertos didácticos que dende 1996 organiza co Auditorio e que posibilitan que cada ano ao redor de 7.000 escolares poidan achegarse á música sinfónica.

De maneira recente, a RFG presentou dous traballos discográficos inéditos dedicados a Manuel de Falla e a Frederic Mompou, editados, respectivamente, polos selos Claves e Warner.

Estreitamente vinculada á RFG está a Escola de Altos Estudos Musicais, xestionada pola AGADIC, que forma cada ano corenta alumnos, cos músicos da RFG como profesores.

A RFG está xestionada administrativamente polo Consorcio de Santiago e forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas (AEOS).

I

ISABEL URRUTIA (1967)

Gerok (2007)

EINOJUHANI RAUTAVAARA (1928)

Cantus Arcticus (1972)

Suo

(O pantano)

Melankolia

(Melancolía)

Joutsenet muuttavat

(A migración dos cisnes)

II

FREDERIC CHOPIN (1810-1849)

**Concerto para piano núm. 2 en fa menor,
op. 21 (1830)**

Maestoso

Larghetto

Allegro vivace

JAVIER PERIANES, PIANO

Duración aproximada do concerto: unha hora, trinta minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc



**Michal Nesterowicz,
director**

Michal Nesterowicz é director artístico da Orquestra Nacional de Chile. En 2004, con tan só trinta anos, ocupou o posto de

director artístico na Filharmónica Polaca do Báltico, converténdose no director máis novo do país. En xuño de 2008 foi o gañador da novena edición do prestixioso Concurso Internacional de Dirección da Orquestra de Cadaqués, en España.

En 1999 foi finalista no VI Concurso Internacional de Dirección Grzegorz Fitelberg, en Katowice (Polonia) e obtivo o premio da Orquestra Nacional Sinfónica de Radio Polonia ao Mellor Director Nacional. Dous anos antes obtivo o segundo premio no Concurso Nacional de Novos Directores en Bialystok (Polonia). A Orquestra Filharmónica de Bialystok concedeulle o premio ao Mellor Director do concurso.

Nesterowicz é licenciado pola Academia de Música de Wroclaw, especialidade en dirección ás ordes do Profesor Marek Pijarowski, que rematou con mención especial en 1997. Iniciou a súa actividade como director cando era estudante, dirixindo a orquestra de cámara creada por el mesmo, a Giovanni Virtuosi. Dende que acabou os seus estudos dirixe con frecuencia en Europa, América do Sur e Estados Unidos. En Polonia colabora coas mellores orquestras. Numerosos artistas, compositores e produtores de eventos musicais de renome valoran o talento e o virtuosismo de Nesterowicz. Participou en concertos e gravacións con nomes tales como Ewa Podles, Angela Marambio, Gwendolyn Bradley, Shlomo Mintz, Rachel Barton Pine, Ivan Monighetti. O gañador dun Óscar Jan A. P. Kaczmarek invitouno a participar nos seus proxectos e gravou co tres veces gañador do Premio da Asociación da Crítica dos Ánxeles ao Mellor Compositor do ano, Zbigniew Preisner. Preparou a estrea europea do poema sinfónico *Lulie The Iceberg* de Jeffrey Stock e participou nun concerto xunto a Jean Michael Jarre nos estaleiros de Gdansk.

Encomiado por público e crítica, é bolseiro da fundación cultural "Crescendum est Polonia". No ano 2006 foi elixido mellor director do ano en Santiago

de Chile. Un ano antes o xornal polaco Gazeta Wyborcza concedeulle o premio “Sztorm Roku - Artysta Roku 2005”. Na votación celebrada por este mesmo periódico no ano 2001, formou parte do elixido “Quinteto Clásico do Século XXI”. No ano 2000 foi nomeado ao premio “Paszport Polityki” da revista polaca Polityka.

Actualmente Nesterowicz atende as invitacións de importantes orquestras como a BBC Philharmonic Manchester, a Royal Liverpool Philharmonic, a Wiener Kammerorchester, a Royal Flemish Philharmonic, a Milan Giuseppe Verdi Symphony Orchestra, así como das principais orquestras españolas. En 2009 e 2010 tamén ofreceu concertos en Israel coa Jerusalem Camerata Orchestra así como en Estados Unidos coa Meridian Symphony e a New Mexico Symphony Orchestra.



Javier Perianes, piano

O clamor entusiasta tanto por parte da crítica como da audiencia confirma o status de Javier Perianes como un dos artistas españois máis salientábeis. Inmensamente popular en España, a súa reputación crece constantemente no exterior.

Javier Perianes naceu en Nerva en 1978, participa habitualmente en moitos festivais españois como os de Santander, Canarias, Peralada e San Sebastián. Foi convidado a participar en distinguidas series de concertos en todo o mundo, incluíndo o Auditorio Nacional de Madrid, o Palau de la Música de Barcelona, o Carnegie Hall de Nova York, o Concertgebouw de Ámsterdam, os Conservatorios de Moscova e Shanghai, os festivais internacionais de Ravinia e Gilmore en Chicago, o festival francés de La Roque D’Anthéron e o Konzerthaus de Berlín. Recibiu numerosos galardóns en concursos pianísticos incluíndo o Primeiro Premio e Medalla de Ouro do XLII Concurso Internacional de Piano “Premio Jaén” e o Primeiro Premio do VIII Concurso Internacional de Piano da Fundación Jacinto e Inocencio Guerrero.

Tamén foi galardoado no XIV Concurso Internacional “Vianna da Motta” en Lisboa.

Perianes colaborou con distinguidos directores como Lorin Maazel, Daniel Barenboim, Jesús López Cobos, Antoni Wit, Daniel Harding, Libor Pesek e Vassily Petrenko. O seu calendario de concertos inclúe actuacións coa Orquesta Nacional de España dirixida por Ilan Volkov, a Orquesta Nacional do Capitolio de Toulouse xunto a Josep Pons, a Filharmónica de Dresde con Alan Buribayev, a Filharmónica de Hong Kong e Lü Jia, a J. O. Simón Bolívar de Venezuela baixo a batuta de Rafael Frübeck de Burgos e a Orquesta de Queensland xunto con Eivind Aadland. Tamén ofrecerá recitais e concertos de música de cámara en Barcelona, Toquio, Vancouver e o Wigmore Hall de Londres.

Os seus proxectos discográficos con Harmonia Mundi foron recibidos de xeito entusiasta pola crítica internacional. Gravacións recentes inclúen *Música Callada* de Mompou e os *Impromptus* e *Klavierstücke* de Schubert. O seu último traballo está dedicado ás sonatas de Manuel Blasco de Nebra.

Unha exploración atractiva

Tras formarse nos conservatorios de Bilbao e Madrid en piano e composición, Isabel Urrutia (Algorta, Biscaia, 1967) trasladouse a París onde ampliou os seus estudos de composición co compositor arxentino José Luís Campana (Bos Aires, 1949), á vez que as súas primeiras obras eran interpretadas polo Ensemble Arcema de París. Aínda que actualmente é profesora de composición en Musikene -a escola superior de música de Euskadi- e a súa música é tocada con certa frecuencia en España, aínda segue moi vinculada a París, onde a súa carreira despegou. A obra *Gerok* (Nós mesmos) foi premiada en 2007 no concurso bienal de Composición AEOS-Fundación Valparaíso, organizado pola Asociación Española de Orquestras Sinfónicas, á que pertence a Real Filharmonía de Galicia. Desde entón pasou xa cun grande éxito polos atrís de diversas orquestras españolas e valeulle á súa autora un importante lanzamento na súa carreira compositiva. Trátase practicamente da primeira obra para grande orquestra de Urrutia: antes compuxera sobre todo música de cámara, máis fácil de escribir e sobre todo de estrear- e presenta xa os principais intereses do estilo de Urrutia: a liberdade compositiva e a fidelidade a un mesmo (considera que o compositor debe traballar ante todo para compracerse a si mesmo e non ao público), así como a unión de influencias musicais moi variadas, incluíndo a música de consumo e sobre todo a música tradicional tanto vasca como doutras zonas non directamente relacionadas coa súa experiencia musical. A este respecto Urrutia declarou en máis dunha ocasión que: "É verdade que utilicei bastantes elementos do folclore, sobre todo do vasco porque é o que máis coñezo, pero tamén doutros folclores. Non é algo novo tomar elementos da música popular, pero segue sendo unha fonte de recursos inesgotábel e continúa brindando exploracións atractivas ao compositor actual". (Urrutia, 2010)

Segundo describe a musicóloga María Santacecilia -coa aprobación de Urrutia- *Gerok* "consta de tres movementos breves, concibidos para orquestra con piano e unha nutrida sección de percusión. O primeiro parte dunha oposición dramática, a que se produce entre un ou varios bloques orquestrais e a

resonancia artificial que desencadean, traballada pola compositora mediante diversas técnicas. Este xogo de contrastes entre *tutti* e *eco*, ao que contribúe a dinámica, a instrumentación e a textura, entrelázase de tal maneira, que acaba dando lugar a sonoridades novas. Esta mesma idea continúa patente no segundo movemento, que se desenvolve nun tempo máis lento. Neste caso, a resonancia desprégase nun segundo plano, funcionando como soporte dun tecido vivo, producido por diversas liñas ondulantes que se superpoñen. Un suxestivo solo de fruta escóitase ao comezo do movemento, e a el incorpóranse progresivamente os instrumentos de vento madeira - clarinete, corno inglés, fagot- e despois os de vento metal. A corda achega escintileos de lirismo á armazón polifónica trezada polo vento. Desta maneira, a compositora fainos partícipes de dous planos que funcionan de maneira tal, que o estatismo dun axuda a pór de relevo o dinamismo do outro. A idea de verticalidade, de bloques sonoros, volve na terceira parte de *Gerok*, algo máis extensa que as dúas anteriores. Aquí a percusión adquire un papel protagonista, provocando unha sensación auditiva de exuberancia. A articulación rítmica dos *tuttis* produce unha sensación de vivacidade, que contrasta con outros momentos suspendidos no tempo, discurso que se ve coroado pola idea de resonancia presente nos dous movementos anteriores”.

Un reflexo da eternidade a través da xanela do tempo

Se algo caracteriza a música de Einojuhani Rautavaara (Helsinki, 1928) é a súa enorme variedade estilística, que se xustifica porque Rautavaara -como Urrutia- é un compositor que ante todo considera que debe ser fiel ás súas propias inquietudes musicais e que mentres sexa sincero coa súa música, non terá problemas para ser apreciado polo público. E de feito así foi e segue sendo desde hai máis de cincuenta anos. Nas súas primeiras composicións, escritas pouco despois de finalizar os seus estudos na Universidade de Helsinki (1952) e cando aínda era alumno de Aarre Merikanto (1893-1958) na Academia Sibelius de Helsinki, mostrábase como un continuador do estilo de Jean Sibelius

(1865-1957) e Carl Nielsen (1865-1931), así como de Bartók e Shostacovich. Pouco despois -nos anos sesenta- comezou a compor utilizando técnicas seriais, posibelmente pola influencia das súas estancias en Norteamérica onde estivo de bolseiro na Juilliard School (1955) para estudar con Vincent Persichetti (1915-1987) e nos encontros de Tanglewood con Roger Sessions e Aaron Copland (1955-7). A partir dos anos setenta, na época de *Cantus Arcticus* (1972), comezou a combinar obras vangardistas con outras onde retomaba elementos da música tradicional ou da tradición romántica, así como elementos tomados de tradicións musicais moito máis antigas: é o caso por exemplo da súa *Vixilia* (1971-2, revisión 1996), onde recorre á música relixiosa ortodoxa, e que se converteu nunha das súas obras máis populares deses anos, xunto a *Cantus Arcticus*. Nos anos seguintes, Rautavaara foise liberando máis e máis até chegar ao que el denominaba unha “síntese -a necesidade dela e a crenza nela- que se desenvolveu gradualmente a través de fases moi variadas da miña carreira compositiva. Naturalmente, a relación entre diversos sistemas (para algunhas persoas contraditorios) debe necesariamente proceder da ruptura dos tabús de cada sistema. Mais eu tamén creo que todos os tabús artísticos evidencian unha gran curtidade de miras (en tempo e espazo) e a miúdo de racismo”. (Rautavaara, 1991).

A súa gran fama internacional chegou nos anos 90, coincidindo cunha etapa “mística” onde se interesaba especialmente polos anxos, e nos últimos anos, a pesar da súa idade e algúns problemas de saúde seguiu atendendo encargos dalgunhas das principais orquestras europeas e norteamericanas. Entre as súas últimas obras estreadas están a ambiciosa ópera *Rasputín* (2001-3), *Libro de visións para orquestra* (2004), *Encantamentos para percusión e orquestra* (2008) e *Towards the Horizon* (2008-09), un concerto para violoncello e orquestra que Truls Mork e a Orquestra de Minnesota estrearán en setembro deste ano 2010. Nestes momentos, 2010, Rautavaara defínese dunha forma moi similar e coherente co seu estilo ao longo de máis de cincuenta anos: “Creo que a música é grande se, nalgún momento, o oínte capta ‘un reflexo da

eternidade a través da xanela do tempo' ... Esta é para min a única xustificación verdadeira para a arte. Todo o demais ten unha importancia secundaria". Composto en 1972, *Cantus Arcticus op. 61* é un concerto para orquestra e cantos de paxaros pregrabados que consta de tres movementos: *O pantano*, *Melancolía* e *A migración dos cisnes*. Estilisticamente segue -con dúas décadas de adianto respecto doutros compositores europeos- o que xa propugnaba o seu mestre Persichetti: "Chegará un tempo no que todo será aceptábel". E así en *Cantus Arcticus* combínanse a música electrónica, a música aleatoria, a tradición musical finesa, a concepción romántica do solista -os paxaros- fronte á orquestra -o mundo- etc. En resumo, unha enorme liberdade nas técnicas compositivas. A súa estrea tivo lugar o 18 de outubro de 1972 en Oulu (norte de Finlandia). Segundo escribiu o propio Rautavaara sobre esta obra:

"O *Cantus Arcticus* foi un encargo da Universidade "ártica" de Oulu para a súa cerimonia de gradación [fundada en 1958, neses momentos comezaba a ter bastantes alumnos de doutoramento]. No canto da cantata festiva convencional, escribín un "concerto para paxaros e orquestra". Os sons dos paxaros foron gravados no Círculo Polar Ártico e nos pantanos de Liminka. O primeiro movemento, *Suo* (O pantano), comeza con dous solos de fruta. Gradualmente vanse incorporando outros instrumentos de vento e os sons dos paxaros dos pantanos na primavera. Finalmente, as cordas entran cunha melodía allea [ao anterior] que pode ser interpretada como a voz e os sentimentos dunha persoa paseando polos pantanos. En *Melankolia* o paxaro protagonista é a laverca cornuda; o seu canto foi transportado dúas oitavas máis grave para convertelo nun "paxaro pantasma". *Joutsenet muuttavat* (A migración dos cisnes) ten unha textura aleatoria con catro grupos instrumentais independentes. A textura crece constantemente en complexidade, e os sons dos cisnes emigrando vanse multiplicando tamén, até que finalmente o son se perde na distancia".

Pletórico de novas concepcións

Cando estalou a revolución de 1831, Varsovia era unha pequena cidade periférica á que as modas e as

noticias chegaban de segunda man. O xurdimento dun músico dun talento tan cegador como o do mozo Fryderyk Chopin (Zelazowa Wola, 22-II-1810; París, 17-X-1849) non podía menos que atraer a atención dos círculos influentes da cidade que alimentaban as esperanzas do seu profesor Józef Ksawery, quen inducía o seu alumno cara a unha carreira teatral que o convertería no gran compositor nacional polaco. Pero Chopin nin daquela nin nunca tivo interese pola ópera nin sentiu a menor inclinación política. As súas aspiracións eran facer unha carreira internacional como compositor-intérprete do mesmo xeito que os seus dous ídolos Paganini e Kalkbrenner, aos que consideraba a personificación da perfección musical.

Estes feitos son imprescindíbeis para comprender a produción das seis únicas composicións concertantes de Chopin (1827-30) e a súa recepción polo público de Varsovia. Estas seis obras son: *Variacións sobre Là ci darem la mano op. 2* (1827), *a Gran fantasía sobre temas nacionais polacos op. 13* (1828), *a Cracoviana op. 14* (1828), *os Concertos en fa menor op. 21 e en mi menor op. 11* (1830) e *a Gran polonesa brillante op. 22* (1830) para preceder á cal compuxo en 1835 un *Andante spianato* para piano solo. A numeración de Opus correspóndese coa orde de publicación.

Unha vez terminados os seus estudos con Józef Elsner coa cualificación "excepcional aptitude: xenio musical", estimulado polo éxito das súas primeiras tres composicións concertantes e vendo frustrada a súa aspiración á habitual viaxe europea ao lle ser denegada unha bolsa con tal obxecto, Chopin partiu á conquista de Viena, primeira etapa dunha ansiada carreira de concertista internacional na que percorrería o mundo interpretando as súas propias composicións.

A súa presentación tivo lugar o 11 de agosto de 1829 e un par de semanas máis tarde participou noutro concerto, ambos sen dereito a honorarios pero que lle permitiron gañar o aprecio do público e a atención da prensa. Toda a crítica vienesa coincidiu no eloxio do seu enorme talento musical ao mesmo tempo que sinalou as súas limitacións como pianista, salvo a recensión da prestixiosa revista *Allgemeine Musikalische Zeitung* na que se eloxia a súa técnica

pianística e se afirma que é un “virtuoso favorecido pola natureza”.

Chopin interpretou que o seu éxito vienés referendaba as súas ambicións profesionais e, de regreso en Varsovia en setembro de 1829, abordou a composición do seu primeiro concerto para piano, o *Concerto en fa menor op. 21* que foi publicado en Leipzig en 1836 como *Concerto núm. 2*- do cal realizou audicións privadas os días 7 de febreiro e 4 de marzo. A expectación pola estrea era tan grande que mesmo as audicións privadas foron obxecto de recensión xornalística e un crítico asistente á segunda publicou ao día seguinte que Chopin era “o Paganini do piano” e o seu concerto “sublime, pletórico de novas concepcións”.

Tras a estrea pública, no Teatro Nacional de Varsovia o 17 de marzo, os eloxios foron aínda maiores, pois o *Kurier Warszawski* publicou que o *Concerto en fa menor* “é digno de ser situado a par das composicións dos máis grandes compositores europeos”. O éxito do concerto foi tal que se volveu programar o día 22 xunto á *Cracoviana op. 14* e unha improvisación de Chopin.

A invención colectiva de Chopin como mito nacional polaco desenvolveuse nos meses seguintes e a finais de agosto anunciouse así a composición do seu novo *Concerto en mi menor op. 11* -o actual *Concerto núm. 1*-: “Apresurámonos a dar unha boa noticia a todos os amantes da música e do talento nacional: F. Chopin terminou o seu gran concerto para piano. É a obra dun xenio”.

A pesar das expectativas dos seus concidadáns, Chopin estaba firmemente decidido a iniciar a súa éxida europea e a non regresar nunca máis a Polonia. O 2 de novembro de 1830 abandonou definitivamente Varsovia e instalouse en Viena. A primeira desilusión viría co fracaso de vendas da edición vienesa das *Variacións op. 2* e a constatación de que en Viena non tiña a menor posibilidade profesional: en oito meses só puido dar dous concertos, ambos non retribuídos. Cando Chopin deixou Viena o 20 de xullo de 1831, empezaba a tomar conciencia de que o seu estilo compositivo estaba anticuado e que a técnica pianística adquirida en Varsovia era insuficiente en comparación co estándar centroeuropeo. A súa seguinte etapa foi

París, onde acabou atopando o seu lugar, o seu público, o seu círculo de amigos, o seu mecenas, e por tanto asentándose definitivamente. Falar hoxe de se Chopin debe ser considerado un compositor francés ou polaco é unha discusión bizantina, mais sen dúbida cando escribiu os seus dous concertos para piano, era un compositor polaco, con aspiracións cosmopolitas pero aínda moi vinculado ás súas raíces.

© 2010 by Maruxa Baliñas

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Antoni Ros Marbà, director titular

Maximino Zumalave, director asociado

Paul Daniel, principal director invitado

Violíns I: Mariana Todorova, concertino invitada

Anca Smeu, axuda de concertino

Ildikó Oltai ** / Anna Alexandrova

Ilya Fisher / Claudio Guridi

Daniel Kordubaylo / Victoria Jurov

Julia Petrushevskaja / Javier López

Violíns II: Grigori Nedobora * / Nikolay Velikov **

Gyula Vadaszi / Samira Crnkic

Michal Ryczel / Kiyoko Ohashi

Bieito Vilar ^(R) / Nazaret Canosa

Violas: Tilmann Kircher * / Natalia Madison *

Oxana Bakulina / Anne Schlossmacher

Teresa Cardoso ^(R) / Timur Sadykov

Behrang Rassekhi

Violoncellos: Plamen Velez * / Ailsa Lewin**

Thomas Piel / Palmira Martínez

Carlos García

Contrabaixos: Carlos Méndez * / Alfonso Morán**

Oriol Xicart

Frautas: Laurent Blaiteau * / Luis Soto **

Óboes: Christina Dominik * / Esther Viúdez **

Clarinetes: Beatriz López * / Vicente López **

Fagotes: Juan Carlos Otero * / Manuel Veiga **

Trompas: Jordi Ortega * / Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Trompetas: Javier Simó * / Ramón Llátser **

Trombóns: Arturo Centelles ^(R) / Vicente Boix ^(R)

Tuba: José Varela ^(R)

Timbal: José Vicente Faus

Percusión: Alejandro Sanz ^(R) / Juan Martín ^(R)

Piano e Celesta: Simona Kantcheva ^(R)

Arpa: Miguel Ángel Sánchez ^(R)

Manipulación cinta magnetofónica: Jesús Alonso ^(R)

* Principal / ** Coprincipal / ^(R) Refuerzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

PROGRAMA

C. DEBUSSY

Sarabande (orquestración de M. Ravel)

Danse (orquestración de M. Ravel)

Claire de lune (orquestración de A. Caplet)

F. MOMPOU

Cinco melodías sobre textos de Paul Valéry

(orquestración de A. Ros Marbà)

M. RAVEL

Ma mère l'Oye

ANTONI ROS MARBÀ

DIRECTOR

MARISA MARTINS

MEZZOSOPRANO

PRÓXIMO CONCERTO

AUDITORIO DE GALICIA

XOVES, 27 DE MAIO DE 2010, 21:00 h



Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
Telfs.: 981 552 290 / 981 574 152 / 981 574 153
Venda telefónica: 981 571 026 / 981 573 979
Fax: 981 574 250 / 981 572 292

www.auditoriodegalicia.org
info@auditoriodegalicia.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais

Baixo o mecenado de:

TELEVÉS

DEPUTACIÓN DA CORUÑA



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**